
Fallo dos Premios á Excelencia en Supercomputación

- Actualizado (21.09.2005)

Vista a documentación enviada polos grupos de investigación que solicitaron optar ós premios de Excelencia en Supercomputación, resólvese a adxudicación dos mesmos da seguinte forma:

-
Primeiro premio, dotado con 1.800,00 € (Mil oitocentos euros). Concédese ó proxecto "Doppler correction for a high performance satellite time and frequency distribution system" dirixido polo Prof. Carlos Mosquera do Departamento da Teoría do Sinal e Comunicacions da Universidade de Vigo pola súa aportación ó desenvolvemento dun sistema terreal de referencia temporal para sistemas de comunicación de grande capacidade baseados en satélites e a demostración da súa viabilidade por métodos de simulación asumindo retos computacionais e aproveitamento optimizado da capacidade de cálculo dispoñible no CESGA.

-
Segundo premio, dotado con 600,00 € (Seiscentos euros). Concédese ó proxecto "Modelización da evolución da temperatura durante o proceso de endurecemento de materiais con Láser" dirixido polo Prof. Armando Yáñez Casal da Universidade de A Coruña pola súa aportación á aplicación da simulación numérica para a mellora dos procesos de endurecemento de metais por medio de láser e aproveitamento da capacidade de cálculo e infraestrutura do CESGA

Os premios foron fallados en Santiago de Compostela o 29 de Outubro de 2002, por un xurado composto por: Javier García Tobío, Director do CESGA, Ignacio López Cabido, Subdirector Técnico, Andrés Gómez Tato, Administrador Aplic. y Proyectos.

Esta II edición dos Premios á Excelencia en Supercomputación conta co patrocinio de: